



Concello de Vigo
Expte. 4821/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 2/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE FEBREIRO DE 2024

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 27 de xaneiro de 2025.
- 2.** Formalización ante o Pleno do Nomeamento da Valedora do Cidadán. Expte. 3895/321 (Expte. Pleno 4819/1101)
- . Declaracións institucionais.**
- 3.** Declaración Institucional do Pleno do Concello de Vigo polo día Mundial das Enfermidades Raras e Crónicas 2025. Expte. Pleno 4800/1101.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EMPREGO, FONDOS EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDE

- 4.** Proposta designación conselleiros/as do sector social no Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV). Expte. 98642/332 (Expte. Pleno 4807/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

- 5.** Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo e do seu organismo autónomo administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2024; dación de conta. Expte. 299/143 (Expte. Pleno 4818/1101).

Mocións:

- 6.** Moción do grupo municipal do BNG para solicitar da Xunta de Galiza a posta en marcha dunha valedoría da igualdade e reclamar un maior esforzo do Concello de Vigo en prol da igualdade. Expte. 4824/1101.

7. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o levantamento da peaxe da AP-9 entre Vigo e o Porriño e o proxecto alternativo á A-52. Expte. 4825/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á creación de escolas infantís de titularidade autonómica. Expte. 4826/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á cubrición de prazas de profesionais nutricionistas en atención primaria. Expte. 4827/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á revisión dos protocolos de seguridade na Sanidade Pública e outros complementarios. Expte. 4829/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á adopción de diversas medidas relacionadas cos recursos medioambientais. Expte. 4830/1101.

PARTE DE CONTROL

Resolucións.

12. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/01/25 e o 16/02/25, incluídas no expediente 1829/1102 (Expte. Pleno 4822/1101)
13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 21/01/25 e o 16/02/25, incluídas no expediente 1830/1102 (Expte. Pleno 4823/1101).
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA	POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR
--	-------------------------------------

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
(incorpórase no punto 11, ás 11.30 h.)
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe

Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos (09:08) do día vinte e catro de febreiro do ano dous mil vinte e cinco (24/02/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(16). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE XANEIRO DE 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (26) da Corporación apróbase a seguinte acta:

- Sesión núm. 1/2025 ordinaria, celebrada o 27/01/2025.

2.(17). FORMALIZACIÓN ANTE O PLENO DO NOMEAMENTO DA VALEDORA DO CIDADÁN. EXPTE. 3895/321 (EXPTE. PLENO 4819/1101)

ANTECEDENTES: Con data 12 de febreiro de 2025, a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e da concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, emiten o seguinte informe,

«NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LRBRL).
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

- Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán.

ANTECEDENTES

I. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 29 de abril de 2002, acordou por unanimidade o nomeamento de D. Luis Espada Recarey como Valedor do Cidadán.

II. Mediante sesión extraordinaria do Pleno do Concello de data 12 de xuño de 2002, D. Luis Espada Recarey procedeu a tomar posesión do cargo como Valedor do Cidadán ante a corporación local. Dita toma de posesión levou consigo o nomeamento de D. Antón Vidal Andián como Adxunto do Valedor, o cal foi nomeado polo propio Valedor.

III. O día 30 de outubro de 2024, D. Luis Espada Recarey achega escrito ante o Concello de Vigo mediante o cal comunica a súa renuncia ao cargo de Valedor do Cidadán debido a circunstancias persoais.

IV. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2025, acorda aceptar a renuncia de D. Luis Espada Recarey e o nomeamento de D^a Dolores Galovart Carrera para ocupar o cargo de Valedora do Cidadán, de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Toma de posesión:

O art. 8.4 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán recolle que o Valedor do Cidadán *“tomará posesión do seu cargo ante o Pleno do Concello e prestará xuramento ou promesa do fiel desempeño da súa función”*.

De acordo co anterior, cómpre proceder á formalización do nomeamento de D^a Dolores Galovart Carrera no cargo de Valedora do Cidadán, de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán.

II. Órgano competente:

Corresponde a adopción do presente acordo ao Pleno da corporación, de conformidade co artigo 8.2 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, con aprobación definitiva polo Concello-Pleno o 25 de outubro de 2004 (BOP do 30 de novembro de 2004) modificado mediante acordo plenario do 28 de xaneiro de 2008 (BOP do 2 de outubro de 2024).

De acordo co anterior e, de conformidade co decreto da alcaldía de delegación de competencias específicas de data 28/06/2024, corresponde á concelleira da área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, previo informe da Comisión informativa correspondente, formular ao Pleno da Corporación para o seu sometemento a voto, a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Proceder á formalización ante o Pleno do Concello do nomeamento de D^a Dolores Galovart Carrera no cargo de Valedora do Cidadán, de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente e proceder á súa publicación no portal de transparencia e web municipal.»

ACORDO: A Sra. Galovart Carrera tomou posesión do cargo de Valedora do Cidadán de acordo coa fórmula regulamentariamente establecida ante o Pleno da Corporación.

. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

3.(18). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO POLO DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS 2025. EXPTE. PLENO 4800/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de febreiro, número 4800/1101, Declaración Institucional presentada pola Fegerec polo Día Mundial das Enfermidades Raras e Crónicas 2025, que di o que segue:

«O 28 de febreiro, celébrase o Día Mundial das Enfermidades Raras, que celebramos baixo o lema “PERSOAS”, para posicionar o impacto sociosanitario destas patoloxías nas persoas con enfermidades raras.

Solicitamos a adhesión das institucións públicas, privadas e á cidadanía á nosa Declaración Institucional, pois calquera persoa pode verse afectada.

Calcúlase que falamos de 300 millóns de persoas en todo o mundo dos cales 3 millóns en España e 200.000 persoas en Galicia.

É unha acción liderada no noso país baixo o paraugas da Federación Española, FEDER e en Galicia pola Federación Galega, Fegerec, e polas máis de 450 Asociacións que as integran.

Queremos que lembredes que detrás de cada campaña, de cada necesidade, de cada enfermidade, de cada síntoma, de cada perda..., hai persoas e familias que se enfrontan a enfermidades na que:

- Apenas se investigan e hai mou pouco coñecemento e experiencia en atendelas, non só para os que as padecen, senón tamén para os profesionais que se enfrontan a unha nova enfermidade.

- Na súa maioría, aparecen na infancia, son xenéticas, graves, discapacitantes e poden poñer en risco a vida.

- Tárdase unha media de máis de 6 anos en diagnosticalas e tan só unha 6% conta cun tratamento específico, das 6.417 identificadas en Europa.

- O atraso no diagnóstico e a falta de tratamento teñen un gran impacto en quen convive con elas.

Tres eixos imprescindibles nos que centrarnos para mellorar este escenario: investigación, diagnóstico e tratamento.

Optimizar os recursos destinados á súa investigación, evitando duplicidades, propiciando a súa sustentabilidade e facilitando a transferencia do coñecemento e a información epidemiolóxica.

Equidade no acceso a un diagnóstico e tratamento precoz, certo e seguro. É difícil alcanzar a equidade, cando a propia regulación permite a inequidade.

Lograr o acceso en tempo e forma adecuados aos medicamentos autorizados en Europa, incorporando a participación dos pacientes e as entidades que os representan neste proceso.

Todo isto debe ir acompañado dunha atención integral, tratamentos sostibles (son enfermidades crónicas), incluída a rehabilitación funcional (logopedia, fisioterapia, terapia ocupacional...), a interoperabilidade técnica (exemplo Historia clínica), así como construír o ansiado espazo sociosanitario, cunha coordinación eficaz entre ambos os ámbitos de actuación, o que garantiría un acceso máis eficaz en tempo e forma aos dereitos das persoas con EERR. Desde FEDER e FEDEREC instamos as institucións competentes a impulsar medidas dirixidas a garantir a prevención das enfermidades raras en materia de investigación, diagnóstico e tratamento, porque detrás de cada unha destas accións hai PERSOAS como vostede e como eu.»

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4.(19). PROPOSTA DESIGNACIÓN CONSELLEIROS/AS DO SECTOR SOCIAL NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV). EXPTE. 98642/332 (EXPTE. PLENO 4807/1101).

ANTECEDENTES: Con data 20 de xaneiro 2025, a xefa do Servizo de Educación, co conforme da concelleira de Educación e da concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, emiten o seguinte informe proposta,

«O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2010, adoptou o acordo de aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo – CEMV (Expte. 10600/332) que foi publicado no BOP núm. 37 do 24 de febreiro de 2010.

No artigo 1º “Natureza” do citado Regulamento, defínese este órgano colexiado de ámbito municipal e de carácter consultivo, como unha peza básica para acadar unha eficaz instrumentalización da participación democrática de todos os sectores da

comunidade educativa da nosa cidade. Igualmente nas súas disposicións adicionais establécese entre outros o seguinte proceso de constitución do CEMV:

- Disposición Adicional 3ª “Sesión constitutiva do CEMV”: A convocatoria e presidencia da sesión constitutiva do CEMV será efectuada polo Alcalde do Concello de Vigo ou Concelleiro/a da Área de Educación en quen delegue.
- Disposición Adicional 5ª “Publicidade dos cargos do CEMV”: O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos/as conselleiros/as en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.
- O artigo 6.3 “Composición do CEMV”, recolle que o mandato dos/as conselleiros/as será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos/as alumnos/as, que será de dous cursos académicos.

Tendo en conta que a última sesión de constitución do CEMV tivo lugar en data 10 de febreiro de 2021, ten transcorrido a totalidade do mandato ou dos catro cursos académicos que determina o artigo 6.3 do regulamento do CEMV; polo que seguindo instrucións da Concelleira-Delegada de Educación iniciáronse as xestións e trámites oportunos para concretar o proceso de nova constitución e renovación de representantes deste órgano consultivo de participación democrática en materia de educación no ámbito municipal.

O Regulamento do CEMV, no seu Capítulo II “Competencias e composición”, no seu artigo 6 “Composición do sector social do CEMV” recolle que o referido sector estará integrado por dez membros elixidos por acordo do Pleno da Excm. Corporación Municipal, de entre as seguintes categorías de profesionais:

- Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.
- Un/ha representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.
- Un/ha representante de asociacións de empresarios/as, que non estea vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.
- Un/ha representante das asociacións de persoas con discapacidade, á proposta da Federación máis representativa deste ámbito en Galicia.
- Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.
- Un/ha especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do Alcalde.
- Un/ha representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.
- Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.

•Un/ha representante dos centros públicos de ensinanzas artísticas, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores/as.

Unha vez rematadas as tarefas de nova constitución e renovación de representantes deste Órgano Colexiado e recibidas comunicacións das persoas propostas polas distintas categorías profesionais que integran o sector social;

PROPONSE ao Pleno da Excma. Corporación Municipal adoptar o seguinte acordo.../...»

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Ditame. A Comisión Informativa de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, con data 17 de febreiro de 2025, emite ditame favorable a dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes (26) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

“Nomear vogais do sector social do Consello Escolar Municipal (CEMV) ás seguintes persoas”:

•PILAR ÁLVAREZ REY, Directora do CEIP Párroco D. Camilo, proposta pola Asociación de directores/as de colexios públicos de Vigo (ADICOPUVI).

•MARÍA AURORA ALONSO SUÁREZ DE MIERA, Directora do IES A Guía de Vigo, proposto pola Asociación de Directores e Directivos de IES de Galicia (ADDIGA).

•

•ESTHER MARIÑO COSTALES, representante das centrais sindicais, non vinculado ao ámbito educativo, proposto polos sindicatos máis representativos.

•JESÚS CASTIÑEIRA DIZ, representante de asociacións de empresarios/as, non vinculado ao sector educativo, proposto pola Confederación de Empresarios/as de Vigo.

•CONCEPCIÓN SOMOZA TORRES, representante das asociacións de persoas con discapacidade, proposto por CERMI-GALICIA (Confederación de representantes de federacións de discapacitados de Galicia).

•SARA TOURIÑO FERNÁNDEZ, Directora do Colexio San Fermín, representante de centros privados, proposto pola Asociación provincial de centros de ensinanza non estatal de Pontevedra.

•ROGELIO MARIÑO LEIRO, especialista de recoñecido prestixio en temas educativos, proposto polo Excmo. Sr. Alcalde.

•OSCAR ÁLVAREZ GALLEGU, representante das AA.VV. de Vigo, proposta pola Federación Veciñal “Eduardo Chao”.

•ISABEL LÓPEZ LORENZO, representante do Consello Municipal da Muller, proposta polo Consello Municipal da Muller.

•OSCAR PRIETO VILLAR, Director da Escola Municipal de Música, representante dos Centros Públicos de Ensinanzas Artísticas, regradas ou non regradas, proposto polos seus directores/as.”

5.(20). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO DE VIGO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024; DACIÓN DE CONTA. EXPTE. 299/143 (EXPTE. PLENO 4818/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 12 de febreiro 2025, pola que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente a o exercicio 2024, que di o que segue,

«Normativa:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. número 101, de 27 de abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.
- Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024.

P R O P O S T A

O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria:
Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos realizados e os saldos acredores pendentes e pago.
- Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento Corrente, e para cada un dos conceptos:
As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados, os ingresos recadados netos e os saldos debedores pendentes de cobro.
- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos:
As modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos artigos 191.2 do TRLRFL e 93.2 do Regulamento Orzamentario, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio as seguintes magnitudes:

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Remanentes de crédito.
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.



Regras fiscais

En relación coas regras fiscais, á Liquidación do Orzamento do ano 2024 lle é de aplicación a Lei Orgánica 2/2012 que dá cumprimento ao Pacto de Estabilidade e Crecemento, despois de catro anos de suspensión das regras e do PEC, o ano 2024 é o primeiro no que entra en vigor a aplicación da Lei Orgánica 2/2012 en relación coas obrigas de dar cumprimento a senda fiscal vixente.

Estabilidade

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos das regras fiscais, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Este obxectivo é obrigatorio para o subsector local, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, e liquidar o Orzamento do ano 2024 en equilibrio ou superávit.

Regra de gasto

En canto ao teito de gasto, aplícase a recomendación da Comisión Europea a España, pola cal se pide que sexa do 2,6% do PIB como máximo para o ano 2024.

A base de cálculo para a Liquidación do ano 2024, é a Liquidación axustada do ano 2023 aprobada e publicada na Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e sobre a mesma, aplicarase a TRCPIB do ano 2024.

As taxas de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española foron establecidas polo Ministerio de Economía, Comercio y Empresa, publicadas no informe de situación da economía española, en base ao artigo 12.3 da LOEPSF .

A variación do gasto computable para todas as AAPP non poderá superar as taxas de referencia do PIB.

	2024	2025	2026
Regra de gasto para o conxunto das AAP	2,60%	2,70%	2,80%

Consecuencia da Liquidación do Orzamento do ano 2024, no mes de febreiro tramitarase unha modificación orzamentaria pola incorporación de remanentes, incorporándose ao orzamento do ano 2025, todo os investimentos, que estando en trámite, outros en execución que non foron rematados no ano 2024, polo que os compromisos que se derivan pasarán a formar parte cuantitativa do Orzamento do ano 2024.

En consecuencia co anterior, o Orzamento do ano 2025, será incrementado cunha contía que a esta data está cuantificada en 21.085.062,20 euros, que se corresponde cos créditos de todos os proxectos que están en fase de execución, así como todas aquelas situacións orzamentarias susceptibles de ser incorporadas ao Orzamento do ano 2025.

Os empregos extraordinarios xerados pola incorporación de remanentes, computarán aos efectos das variables fiscais na Liquidación do orzamento do ano 2025, xerando un déficit inicial, ao aumentar os empregos non financeiros na contía da modificación orzamentaria pola incorporación de remanentes e non aumentar os recursos non financeiros.

De acordo ao informe emitido polo Sr. Interventor Xeral Municipal á Liquidación do Orzamento da Entidade Local, o seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU, que forman parte do perímetro de consolidación, sométese o expediente da Liquidación do Orzamento do ano 2024 á aprobación da Alcaldía-Presidencia, tal e como o preceptúa o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 90.1 do Regulamento Orzamentario, aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, das que se reflicten as seguintes magnitudes de interese:

Magnitude	Entidade	Consolidados
Resultado orzamentario axustado	52.628.532,24	55.652.241,24
Aforro Neto Legal	61.760.290,16	63.280.280,43
Remanente Tesourería para G. Xerais	173.223.723,70	186.311.820,07
Tesourería	209.852.094,84	234.797.355,33
Obrigas pendente de pago orzamt. (Corr+pecha.)	8.947.314,02	9.074.463,47
Acredores pendentes non orzamentarios	27.943.944,71	28.854.415,40
Dereitos pendentes cobro orzamt.(Corr+pecha	49.330.148,63	50.993.439,68

Dotación saldos dubidoso cobro	36.596.338,42	38.227.538,26
Debedores pendentes non orzamentarios	1.122.215,89	1.152.638,64
Saldo pendente de devolución ingresos	1.080,63	1.261,10
Remanentes de crédito	81.709.329,56	94.996.491,02

Estabilidade Orzamentaria Grupo SEC-2010

INSTITUCIÓN	Ingre. N.Financ.	Gasto N. Financiero	Axustes INTERNOS	Axustes C Local	Axuste Recadac.	capacidade/Nec
			Conta 413 e outros	Part/Cesión/MRR	DR-Rec (cap,1,2,3)	
ENTIDADE	346.382.331,93	305.963.592,60	1.700.226,14	8.863.657,05	-3.517.261,74	47.465.360,78
XERENCIA.M DE URBANISMO	9.540.588,89	8.169.874,71	0,00	160.022,72	297.826,79	1.828.563,69
MARCO	1.070.056,45	1.074.124,39	0,00	0,00		-4.067,94
CONVENTION BUREAU	717.733,00	700.629,34	0,00	0,00		17.103,66
TOTAL	357.710.710,27	315.908.221,04	1.700.226,14	9.023.679,77	-3.219.434,95	49.306.960,19

Rega de Gasto Grupo SEC-2010

TRCPIB ano 2024	2,60%
-----------------	-------

Grupo	GCLiq.2023 (1)	(2) = (1) * (1+TRCPIB)	A/D(art.12.4) Pto.2024 (3)	G/IFS (4)	Límite Reg. Gasto (5)=(2)+(3)+(4)	G.Liq. 2024 (6)	AXUSTES (7)	G.C. Liqui. 2024 (8)	G.legal-G.Real
F. Marco	1.166.645,10	1.196.977,87	0,00	0,00	1.196.977,87	1.074.124,39	0,00	1.074.124,39	122.853,48
Concello de Vigo	256.652.344,05	263.325.305,00	5.088.891,59	0,00	268.414.196,59	305.963.592,60	-44.174.652,54	261.788.940,06	6.625.256,53
O. Aut. M.xerencia M. Urbanismo	7.803.471,04	8.006.361,29	0,00	0,00	8.006.361,29	8.169.874,71	-1.985.002,24	6.184.872,47	1.821.488,82
CONVENTION BUREAU	700.933,60	719.157,87	0,00	0,00	719.157,87	700.629,34	0,00	700.629,34	18.528,53
Total gasto computable	266.323.393,79	273.247.802,03	5.088.891,59	0,00	278.336.693,62	315.908.221,04	-46.159.654,78	269.748.566,26	8.588.127,36
									1,29 %

Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo (Entidade máis Xerencia de Urbanismo)

Concepto	Entidade	Xerencia	Consolidado
Saldo inicial de tesourería	164.670.195,99	23.395.484,75	188.065.680,74
Cobros Orzamentarios corrente	335.645.911,35	9.532.285,10	345.178.196,45
Cobros Orzamentarios pechados	8.264.811,45	324.030,58	8.588.842,03
Pagos Orzamentarios corrente	-297.328.748,54	-8.149.586,30	-305.478.334,84
Pagos Orzamentarios pechados	-8.738.456,82	-247.252,13	-8.985.708,95
Cobros non Orzamentarios	40.320.259,82	3.557.346,46	43.877.606,28
Pagos non Orzamentarios	-29.680.548,96	-3.467.047,97	-33.147.596,93
Ingresos pendentes de aplicación (variación)	-3.301.254,55	,00	-3.301.254,55
Variación entre Saldo Inicial e final das 575	-74,90	,00	-74,90
Variación neta	45.181.898,85	1.549.775,74	46.731.674,59

Saldo final	209.852.094,84	24.945.260,49	234.797.355,33
-------------	----------------	---------------	----------------

Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2024												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	8,43	6,76	13,89	14,04	6,59	7,69	9,27	16,69	8,34	8,11	8,39	5,25
MARCO	23,40	31,85	25,28	10,28	17,91	11,23	17,00	16,50	17,34	19,13	22,60	15,61
XMU	18,95	2,77	7,80	4,80	5,18	9,25	11,49	15,63	2,55	6,43	3,16	9,09
V. C.BUR.	19,14	10,60	2,50	3,75	8,82	5,93	3,57	1,53	5,91	5,20	3,62	5,05
PMP Global	10,03	6,71	19,08	18,14	8,59	7,51	9,42	13,76	8,50	8,14	8,13	5,29

Para o conxunto do ano 2024 para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)

INSTITUCIÓN	PERÍODO DE PAGO ANUAL/días
Concello de Vigo	9,65
Xerencia Municipal de Urbanismo	12,83

Endebedamento grupo

$\% \text{ Endebedamento} = (\text{Débeda financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operacións correntes dos estados consolidados}) \times 100.$

En relación co endebedamento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que se estableza en relación co PIB.

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes correspondentes aos ingresos non recorrentes e as contribucións especiais: 310.272.587,60 euros (321.692.846,986 -2.987.006,20 - 4.988.375,89 -822.680,84 -1.317.862,02 -1.304.334,43)

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2024: 0 euros.

Coeficiente de endebedamento a 31/12/2024, 0%.

Debeda co MINHAFP por liquidacións negativas de anos anteriores: 0 euros.

Conclusións

Durante o exercicio 2024, da información mensual que se achega dos entes que conforman o perímetro de consolidación, deuse cumprimento ao PMP, resultando un período medio de pago de 9,65 días para a Entidade e de 12,83 días para a XMU, sendo a media do grupo 10,27 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de

abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Hai cumprimento dentro das sendas previstas, dos obxectivos fiscais, segundo a taxa de referencia. Hai superávit.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

A senda do gasto non financeiro creceu un 1,29% en relación co ano 2023, inferior que o 2,6% previsto pola TRCPIB para o ano 2024.

Os Remanentes de crédito que cumpran os requisitos legais regulamentados no artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, serán obxecto de incorporacións de crédito ao orzamento do ano 2025, para o que se tramitará o preceptivo expediente de modificación orzamentaria con suxeición ao previsto no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL. Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Vigo, a do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e do resto dos entes que conforman o Grupo de consolidación correspondente ao exercicio 2024, cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen a totalidade de estados e informes que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes que resumen a totalidade da xestión económica e financeira do Grupo de Consolidación Concello de Vigo no transcurso do ano 2024, conformado pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

SEGUNDO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL, dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.

TERCEIRO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.5 do TRLRFL, remitir copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

CUARTO.- En relación coa información a enviar ao Ministerio de Hacienda, estarase aos prazos previstos na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.»

Así mesmo, dáse conta do Informe da Intervención municipal de data 11 de febreiro de 2024 sobre "Avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda", que di o que segue:

«Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2024, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF), e no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, por la que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEOSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

Informe:

Primeiro.- Normativa de aplicación.

- Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.
- Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013 (DOCE do 26-06-2013), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).
- Artigo 135 da Constitución Española.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEO).

- Lei Orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de Sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
- Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o enchemento da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

Segundo.- Instrumentación do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Reactivación das regras fiscais.

O artigo 165 do TRLRHL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

As regras fiscais foron obxecto de suspensión durante os anos 2020-2023. En consecuencia, as Entidades Locais non estiveron obrigadas a cumprir cos obxectivos de estabilidade, débeda pública nin regra do gasto durante os anos 2020, 2021, 2022 e 2023.

Con todo, no ano 2024 esa situación de suspensión chegou ao seu fin, e as regras fiscais foron reactivadas, o que nos sitúa de cheo nun escenario no que deben ser de aplicación e, polo tanto, valorar o seu cumprimento ou incumprimento.

A Estabilidade Orzamentaria, regulada nos artigos 3 e 11 da LOEOSF defínese como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC10).

Para calcular a capacidade de financiamento se parte do saldo orzamentario non financeiro (diferenza entre os capítulos 1 a 7 de ingresos, menos 1 a 7 de gastos) e a través dos axustes derivados da aplicación de criterios do SEC 10, obtense o superávit ou déficit en termos de Contabilidade Nacional. Se o saldo orzamentario non financeiro tras os axustes é igual ou maior a cero, atopámonos diante dunha situación de equilibrio orzamentario ou superávit, polo que cumpriríamos esta regra fiscal. En caso contrario teremos un incumprimento desta regra fiscal, polo que será necesario elaborar un Plan Económico-Financeiro (PEF) que permita corrixir as causas da inestabilidade orzamentaria en que incorreu a Entidade, no ano en curso e o seguinte (artigo 21 LOEPSF).

Ao contrario do que sucede coa estabilidade orzamentaria, a regra do gasto non ten o seu soporte no TRLRFL, pois se trata dunha variable de control do gasto recollida exclusivamente na LOEOSF, en termos SEC-10 de contabilidade nacional.

A regra de gasto calcúlase comprobando que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (PIB), tal e como dispón o artigo 12 da LOEPSF, o que implica necesariamente que o crecemento do gasto computable no exercicio 2024 non debe superar a taxa de referencia do 2,6%. Esta taxa de referencia foi establecida polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no informe de situación da economía española que acompañou á proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública comunicada á CNAL o pasado 11 de decembro de 2023.

Terceiro.- Tramitación.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEO), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Para a realización do presente informe tivéronse en conta exclusivamente os estados contables, datos e demais información incorporada polo responsable de contabilidade no expediente 299-143 así como polos Servizos Centrais da XMU no expediente 17457-407.

Cuarto.- Verificación da estabilidade orzamentaria: Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.

As entidades que integran a Corporación Local, de acordo coa definición SEC (entidade principal e os seus entes dependentes sectorizados como AA.PP. en contabilidade nacional) son:

Entidade	Tipo de contabilidade
Concello de Vigo	orzamento limitativo
Organismo Autónomo Local Xerencia Municipal de Urbanismo	orzamento limitativo
Fundación Marco	Contabilidade empresarial
Fundación Vigo Convention Bureau	Contabilidade empresarial

Cálculo da capacidade / necesidade de financiamento.

Nos entes sometidos a orzamento (Concello de Vigo e XMU) o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento obtense por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Se a entidade ten contabilidade Empresarial (Fundación Marco e Vigo Convention Bureau) a estabilidade orzamentaria correspondera cos gastos e ingresos non financeiros (axustados ao SEC).

Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axuste S. Europeo Contas		Capacidade/ Necesidade Financiament o Entidade
			Axustes propia Entidade	Axustes por Operacións Internas	
Concello de Vigo	346.382.331,93	305.963.592,60	7.046.621,45	0,00	47.465.360,78
Xerencia Municipal de Urbanismo	9.540.588,89	8.169.874,71	457.849,51	0,00	1.828.563,69
Fundación Marco	1.070.056,45	1.074.124,39	0,00	0,00	-4.067,94
Vigo Convention Bureau	717.733,00	700.629,34	0,00	0,00	17.103,66
Capacidade / Necesidade Financiamento da Corporación Local					49.306.960,19

A Corporación Local CUMPRE co obxectivo estabilidade orzamentaria, botando un superávit, en termos de capacidade de financiamento SEC 2010, de 49.306.960,19 euros.

Explicación dos axustes.

a) Axustes por recadación.

En contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados é o de caixa, polo que nos Capítulos 1, 2 e 3 dos orzamentos de ingresos debe considerarse o importe total recadado en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Deste xeito, se o importe dos dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuírá o déficit en contabilidade nacional.

Capítulo	Créditos Definitivos	Der. Recoñ. Netos	Rec. Ex. Corrente	Rec. Ex. Pechados	Total Recadación	Axustes
1	117.410.785,66	120.687.511,50	115.099.825,42	4.454.898,02	119.554.723,44	-1.132.788,06
2	10.922.786,87	12.937.938,43	12.902.062,42	22.758,48	12.924.820,90	-13.117,53
3	43.299.307,02	47.286.147,42	42.117.174,70	2.797.616,57	44.914.791,27	-2.371.356,15
3 XMU	1.665.380,85	2.037.759,30	2.027.455,51	61.290,58	2.335.586,09	297.826,79
						-3.219.434,95

b) Axuste por Impostos cedidos e FCF.

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, outro axuste que debe realizarse constitúe o importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste

que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

No que respecta á liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2020, de acordo co disposto no Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010), e para determinar a capacidade ou necesidade de financiamento a efectos de contabilidade nacional da Entidade Local afectada, o tratamento será o seguinte:

1. O importe da liquidación negativa debe rexistrarse integramente como gasto da Entidade Local no exercicio 2022. Por tanto, para determinar a capacidade ou necesidade de financiamento en contabilidade nacional partindo do déficit/superávit orzamentario non financeiro, procederá un axuste de maior gasto pola eventual diferenza entre o importe total da liquidación negativa e o importe recollido como gasto (OR) no orzamento de 2022.

2. Nos anos posteriores, e dado que a efectos de contabilidade nacional o importe total da liquidación negativa foi rexistrado como gasto en 2022, os eventuais importes recollidos como gasto (OR) no orzamento non serán considerados gasto en contabilidade nacional, e procederá realizar un axuste positivo.

3. Pola súa banda, as transferencias para recibir do Estado destinadas a compensar os efectos das liquidacións negativas, segundo o disposto na disposición adicional octoxésima oitava da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, contabilizaranse como recurso da Entidade Local no exercicio en que o Estado recoñeza as correspondentes obrigacións no seu orzamento e transfira os importes á Entidade Local (2022).

4. Igualmente, as transferencias que no seu caso se reciban do Estado destinadas a compensar os efectos desta liquidación negativa en exercicios posteriores a 2022, contabilizaranse como recurso da Entidade Local no exercicio en que o Estado recoñeza as correspondentes obrigacións e transfira os importes á Entidade Local.

En consecuencia, procederá realizar os seguintes axustes:

(+) Devolución liquidación PIE 2020 en 2024	2.987.006,20
Entrega a conta mes 12/2023 ingresada en 01/2024 (-)	-8.166.862,55
Entrega a conta mes 12/2024 ingresada en 01/2025 (+)	9.338.792,04
Total	4.158.935,69

c) Axuste por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.

A aplicación do principio do deivindicación para o rexistro das obrigacións implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

Por tanto, se o saldo final da conta 413 é maior (menor) que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior (menor) gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando (diminuindo) o déficit da Corporación Local.

Ano	Saldo a 31/12
2023	2.871.154,26
2024	1.170.928,12
Axuste (+)	1.700.226,14

d) Axuste por ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea (fondos MRR).

Este axuste ten como fundamento axustar as diferenzas entre contabilidade orzamentaria e nacional na contabilización das transferencias do Orzamento Comunitario aos Estados Membros segundo criterio de caixa ou de pagamento.

É a Decisión de Eurostat 22/2005, do 15 de febreiro, a que sinala que o momento de rexistro dos fondos será aquel en o que a Corporación Local realice o gasto, o cal debe coincidir co envío de documentos polo goberno á Comisión da Unión Europea, e de aí o nacemento deste axuste en contabilidade nacional.

É por iso polo que se non se dá en cada exercicio a referida sincronización dos fluxos ingresos procedentes do MRR e gastos executados, e non se produce o efecto neutro que rexe na metodoloxía europea, debe aplicarse este Axuste.

Sendo que nos fondos MRR, o beneficiario é a Entidade Local, o axuste para realizar para o cálculo do déficit en contabilidade nacional virá determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos polos fondos europeos e o obrigacións recoñecidas executadas (aplicando, no seu caso, a porcentaxe de cofinanciamento correspondente), de maneira que resultará:

Un axuste positivo (+): Se os dereitos recoñecidos son inferiores ao gasto executado, supoñendo unha diminución do déficit da Entidade Local (maior ingreso non financeiro).

Un axuste negativo (-): Se os dereitos recoñecidos son superiores ao gasto executado, supoñendo un aumento do déficit da Entidade Local (menor ingreso non financeiro).

Este axuste realízase de acordo cos datos facilitados polo responsable de contabilidade na documentación incorporada no expediente (trámite 50).

FONDOS MRR	
Dereitos recoñecidos Concello de Vigo	8.047.838,42
Gasto executado Concello de Vigo	12.752.559,78
Axuste Concello de Vigo	4.704.721,36
Dereitos recoñecidos XMU	0,00
Gasto executado XMU	160.022,72
Axuste XMU	160.022,72

Quinto.- Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.

Para as Corporacións locais (artigo 12 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación do gasto computable entre dous exercicios económicos (2024/2023) non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, fixada polo Goberno para o ano 2024 no 2,6%.

Enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

Cálculo do gasto computable do exercicio 2024.

CONCEPTO	CONCELLO	XERENCIA URBANISMO
Empregos non financeiros excepto intereses débeda	305.843.345,31	8.169.874,71
AXUSTES según o SEC		
(-) Dereitos recoñecidos por alleamento de terreos e investimentos reais recollidos no cap. 6 do orzamento de ingresos	0,00	-1.414.438,02
(+/-) Inversións realizadas por conta doutra AAPP	0,00	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00
(+) Achegas de capital	0,00	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00
(+/-) Gastos do exercicio pendentes de aplicar ao presuposto	-1.700.226,14	0,00
(+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555	0,00	0,00
(+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Priv.	0,00	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	0,00
(+/-) Arrendamento financeiro	0,00	0,00
(+) Préstamos	0,00	0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012	0,00	0,00
(-) Pagos a outras AAPP vinculadas ao financiamento global da súa actividade (MAIV, ELM Bembrive).	-485.133,83	0,00
Total axustes SEC	-2.185.359,97	-1.414.438,02
Empregos non financeiros SEC excepto intereses débeda	303.657.985,34	6.755.436,69
(-) Pagos por transferencias y otras operacións internas	7.299.863,00	0,00
<i>Transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo</i>	<i>6.004.863,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Marco</i>	<i>725.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Laxeiro</i>	<i>95.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Liste</i>	<i>125.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Vigo en Deporte (VIDE)</i>	<i>125.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Vigo Convention Bureau</i>	<i>225.000,00</i>	<i>0,00</i>

<i>Transferencia ao Concello de Vigo</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
(-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP	34.569.182,28	570.564,22
<i>UE</i>	<i>12.867.445,70</i>	<i>160.022,72</i>
<i>Estado</i>	<i>8.644.526,70</i>	<i>339.368,69</i>
<i>Comunidade Autónoma</i>	<i>10.168.211,65</i>	<i>71.172,81</i>
<i>Deputacións</i>	<i>2.888.998,23</i>	<i>0,00</i>
Total de Gasto computable do exercicio	261.788.940,06	6.184.872,47
Diminución gasto computable por inversións financeiramente sostibles (DA 8 LO 9/2013)	0,00	0,00
Gasto computable a efectos de verificar o cumprimento da regra	261.788.940,06	6.184.872,47

Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.

Entidade	Gasto computable Liquidación 2023 (1)	Gasto inversións financeiramente sostibles (2023)	(1)*(1+TRCPIB) (2)	Aumentos/ disminuciones recaudación por cambios normativos (3)	Gasto inversións financeiramente sostibles (2024)	Límite de la Regla Gasto (2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2024
Concello de Vigo	256.652.344,05	0,00	263.325.305,00	5.088.891,59	0,00	268.414.196,59	261.788.940,06
Xerencia Municipal de Urbanismo	7.803.471,04	0,00	8.006.361,29	0,00	0,00	8.006.361,29	6.184.872,47
Fundación Marco	1.166.645,10	0,00	1.196.977,87	0,00	0,00	1.196.977,87	1.074.124,39
Vigo Convention Bureau	700.933,60	0,00	719.157,87	0,00	0,00	719.157,87	700.629,34
Total de gasto computable	266.323.393,79	0,00	273.247.802,03	5.088.891,59	0,00	278.336.693,62	269.748.566,26
Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2024" (GC2024) (5)-(6)							8.588.127,36
% incremento gasto computable 2024 s/ 2023							1,29

A Corporación CUMPRE co obxectivo da regra do gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, xa que o gasto computable incrementouse no exercicio 2024 con respecto ao exercicio 2023 un 1,29%.

Sexto.- Sostibilidade financeira.

1.- Cumprimento do límite de débeda.

O artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais fixa o límite de débeda no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LOXE para 2013:

"Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos

capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.”

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

NIVEL DE DÉBEDA VIVA PDE AO FINAL DO PERÍODO (DATOS FACILITADOS POR CONTABILIDADE E ORZAMENTOS)										
Entidade	Débeda a curto prazo	Emisiones de deuda	Operacións con Entidades de crédito	Factoring sen recurso	Arrendamento financeiro	Asociacións publico privadas	Pagos aprazados por operacións con terceiros	Outras operaciónes de crédito	Con AA PP. solo FFEELL	Total Débeda viva PDE final do período
F. Marco	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Concello de Vigo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Vigo Conv. Bureau	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
XMU	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

O volume de débeda viva a 31.12.2024 en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes, deducidos os ingresos afectados e os que teñan carácter extraordinario, bota o seguinte dato:

Coeficiente de endebedamento	Importe
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto prazo (1)	0,00
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo (2)	0,00
Risco deducido de avais (3)	0,00
Importe da operación proxectada (4)	0,00
Volume total do capital vivo (5)=(1)+(2)+(3)+(4)	0,00
Ingresos correntes axustados (6)	307.750.652,85
Coeficiente de endebedamento (7)=((5)/(6))*100	0,000%

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LOXE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo, de considerar esta opción.

2.- Débeda comercial. Período medio de pago.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou atraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun exercicio de transparencia,

deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común.

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. A estes efectos, considéranse como número de días de pago o número de días dende a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Deste xeito, durante o exercicio 2024 o PMP foi o seguinte:

Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	8,43	6,76	13,89	14,04	6,59	7,69	9,27	16,69	8,34	8,11	8,39	5,25
MARCO	23,40	31,85	25,28	10,28	17,91	11,23	17,00	16,50	17,34	19,13	22,60	15,61
XMU	18,95	2,77	7,80	4,80	5,18	9,25	11,49	15,63	2,55	6,43	3,16	9,09
V. C.BUREAU	19,14	10,60	2,50	3,75	8,82	5,93	3,57	1,53	5,91	5,20	3,62	5,05
PMP Global	10,03	6,71	19,08	18,14	8,59	7,51	9,42	13,76	8,50	8,14	8,13	5,29

Polo que o PMP global foi inferior ao prazo máximo de pago establecido na normativa en materia de morosidade.

Sétimo.- Conclusións.

- (1) Cos obxectivos aplicados desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, a Corporación Local CUMPRE co obxectivo estabilidade orzamentaria. Neste sentido, a liquidación dos orzamentos do exercicio 2024 das entidades que están dentro do sector AA.PP. da Corporación Local bota un superávit, en termos de capacidade de financiamento SEC 2010, de 49.306.960,19 euros.
- (2) A Corporación CUMPRE co obxectivo da regra do gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012. A estes efectos, o gasto computable aos efectos de avaliar o cumprimento da regra de gasto no exercicio 2024 ascendeu a 269.748.566,26 euros, o que supuxo un incremento do 1,29% con respecto ao do exercicio 2023 (TRCPIB 2,6%).
- (3) A Corporación Local CUMPRE co límite de débeda establecido na Lei Reguladora das Facendas Locais, non existindo débeda viva a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo ao final do exercicio 2024.
- (4) A Corporación Local CUMPRE cos prazos de pago establecidos na normativa sobre morosidade.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 17.02.2025, queda informada da Resolución da Alcaldía de Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2024, así como do informe da Intervención municipal de data 11 de febreiro de 2024 sobre "Avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda".

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da Resolución da Alcaldía pola que se aproba a Liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio 2024, así como do informe sobre Avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite da débeda.

.- **Incidencia. Sendo as 9,32 horas, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

MOCIÓNS:

6.(21). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR DA XUNTA DE GALIZA A POSTA EN MARCHA DUNHA VALEDORÍA DA IGUALDADE E RECLAMAR UN MAIOR ESFORZO DO CONCELLO DE VIGO EN PROL DA IGUALDADE. EXPTE. 4824/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2025, número 4824/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"PARA SOLICITAR DA XUNTA DE GALIZA A POSTA EN MARCHA DUNHA VALEDORÍA DA IGUALDADE E RECLAMAR UN MAIOR ESFORZO DO CONCELLO DE VIGO EN PROL DA IGUALDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O feminismo, máis que nunca neste inicio de 2025, é unha necesidade para responder ao rearme do machismo e ao avance das posicións máis reaccionarias e mesmo fascistas ao longo do planeta. Hai xa máis de cen anos que o 8 de marzo comezou a recoñecerse e consolidarse como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres e a forma de honrala é impulsar avances concretos para que os dereitos lexislados sexan dereitos reais.

Na última década, a forza do feminismo fixo que se produciran cambios lexislativos e un proceso de toma de conciencia colectiva que nos fixo avanzar posicións. Mais hoxe, vemos con preocupación o avance de posicións e medidas abertamente retrógradas no ámbito social ou institucional, con consecuencias que agravan a desigualdade e mesmo cuestionan a existencia da violencia machista que ameaza as nosas vidas. Hoxe, vemos con preocupación novos mecanismos de compra-venda e alienación dos nosos corpos e das nosas vidas, o fortalecemento da manofera ou as consecuencias da concatenación de crises nas mulleres galegas, que seguen a ter, en termos globais, peores indicadores no ámbito socio económico e soportando o desmantelamento dos servizos públicos, especialmente no ámbito da dependencia e da conciliación.

Así, a fenda salarial continúa, continúa a sobrerrepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e a infrapresenza nos de maiores ingresos. Aínda que

aumentou a poboación feminina ocupada, hai unha terciarización dese aumento e a xornada parcial continúa sendo unha característica do emprego feminino. Podemos afirmar que a última reforma laboral non fixo máis que afondar as fortes fendas xa existentes entre homes e mulleres. Ademais, aumenta a desigualdade das pensións e todos estes factores fan que permaneza a situación de feminización da pobreza, mesmo aumentando a fenda entre homes e mulleres.

O feito de que haxa innumerables dereitos e medidas recollidas no marco lexislativo que non se cumpren na vida diaria debe facernos reflexionar sobre a necesidade de que se muden e actualicen as ferramentas para os facer efectivos. Por iso, a reivindicación do 8M debe apostar por ferramentas concretas e fuxir de declaracións de intencións, dar cabida ás demandas do feminismo galego e empregar o autogoberno para avanzar en dereitos.

Fronte ao conformismo e á declaración de intencións, fronte á tentación de quen aproveita a vaga reaccionaria para rebaixar a esixencia ás institucións, propoñemos a creación dunha Valedoría de Igualdade como órgano de defensa cidadá perante situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

Para situar Galiza nos máis altos estándares de promoción da igualdade e de loita contra a discriminación por razón de xénero, faise preciso avanzar na constitución de organismos públicos independentes que velen polo cumprimento e garantía dos dereitos xa recoñecidos formalmente na lexislación. De maneira específica, faise preciso abordar esta cuestión no sector privado, toda vez que non existe unha autoridade independente análoga á que si ten por natureza a defensa dos dereitos da cidadanía fronte á administración. Este papel, que cumpren as Valedorías ou Defensorías do Pobo, tamén en Galiza, circunscribíase en exclusiva ao ámbito público non tendo encomenda algunha sobre as situacións de discriminación que se produzan no sector privado.

Por iso, é necesaria unha Valedoría da Igualdade entendida como autoridade independente que asesore e asista á cidadanía diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación como as que continúan a rexistrarse aínda hoxe en moitos ámbitos. O futuro é esixente e nós tamén debemos selo, reafirmando o apoio ás mobilizacións do feminismo galego e propoñendo avances para facer unha Galiza máis feminista.

Aliás, é tamén imprescindíbel reforzar as políticas en favor da igualdade e o combate de todas as formas de violencia machista desde o ámbito local. Neste sentido, o Concello de Vigo debe impulsar con maior decisión unha enérxica axenda feminista atendendo o mandato dos masivos 8M que esixen "máis recursos e menos discursos", concretando políticas específicas e verificábeis a nivel municipal e executando os acordos adoptados polo propio Pleno.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. A Corporación municipal do Concello de Vigo reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego de base.
2. A Corporación municipal do Concello de Vigo demanda da Xunta de Galiza o impulso dun proceso con ampla participación social e institucional para a aprobación por lei antes do remate do ano 2025 dunha Valedoría de Igualdade, autoridade independente de defensa cidadá que asesore e asista diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.
3. Instar ao Goberno municipal a executar os acordos adoptados polo Pleno do pasado 25 de novembro de 2024 no que se aprobou una moción do BNG na que se reclamaba facer das políticas feministas unha prioridade na axenda municipal impulsando, entre outras, as seguintes medidas:
 - a) Aumentar significativamente os recursos que o Concello de Vigo dedica a campañas de sensibilización en contra da violencia machista.
 - b) Promover a actualización, coa participación do movemento feminista, do Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades, aumentando o seu financiamento.
 - c) Posta en marcha dun novo Programa Municipal de Apoio a Mulleres vítimas de violencia machista.
 - d) Reforzar con máis medios o actual Centro de Información ás Mulleres (CIM) e impulsar as medidas necesarias, en colaboración con outras administracións, para a apertura de dous novos CIM nos barrios de Coia e Teis.
 - e) Aprobar e asignar os recursos económicos necesarios para o despregamento do "Plan para abolición da prostitución" anunciado pola concelleira de Igualdade no Consello Municipal da Muller do pasado 26 de setembro de 2024."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de febreiro de 2025, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4838/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A Sra. Martinez Piñeiro, concelleira do grupo político municipal do BNG e poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo grupo municipal Socialista.

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e vinte e tres (23) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18) señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores

Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 18.02.25 (Rex. Nº 4824/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *"Para solicitar da Xunta de Galicia a posta en marcha dunha valedoría da igualdade e reclamar un maior esforzo do Concello de Vigo en prol da igualdade"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(22). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O LEVANTAMENTO DA PEAXE DA AP-9 ENTRE VIGO E O PORRIÑO E O PROXECTO ALTERNATIVO Á A-52. EXPTE. 4825/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2025, número 4825/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O LEVANTAMENTO DA PEAXE DA AP-9 ENTRE VIGO E O PORRIÑO E O PROXECTO ALTERNATIVO Á A-52

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 18 de decembro de 2024 o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible anunciaba no Boletín Oficial do Estado (BOE) que somete a información pública o documento técnico e estudo de impacto ambiental do proxecto do novo trazado da autovía A-52 (Rías Baixas) para conectar O Porriño coa cidade de Vigo.

Aínda que non haxa dúbida sobre a necesidade de darlle solución á perigosa A-55, e esta alternativa pase pola execución dun túnel, o que é tamén igualmente preciso é que o trazado sexa analizado con todos os concellos afectados, minimizando no posible o impacto que vai ter sobre o territorio e sobre os seus habitantes.

A alternativa que o Goberno de España entende como a máis recomendable causa un altísimo impacto na parroquia viguesa de Bembrive, tanto no que ten que ver coas expropiacións coma nos cortes de viais municipais estruturantes, así como múltiples afeccións a viadutos e augas. Circunstancia que provocou a presentación de miles de alegacións por parte dos veciños afectados contra este trazado imposto polo ministerio como alternativa á A-55 para a súa conexión coa A-52.

Unha proposta, por outra banda, que se propón ao medio/longo prazo, xa que logo a execución do proxecto non será inmediata senón que se vai adiar no tempo. Mentres, o problema da seguridade viaria no treito en cuestión continúa ser un problema hoxe en día, con accidentes que se producen a diario deixando centos de feridos cando non mortos, como ten acontecido no pasado.

E, nese senso, cómpre sinalar que o levantamento da peaxe da AP-9 entre Vigo e O Porriño axudaría no inmediato a repartir os tráfico coa A-55 e polo tanto a gañar en seguridade. Así o demandan usuarios e transportistas como solución temporal mentres no se constrúa a nova variante.

A liberalización deste tramo de autoestrada non só é posible senón que tamén sería unha medida de éxito, tal e como amosa o recente exemplo de Alacante onde, tras

unha proba piloto, o ministro de Transportes e Mobilidade Sostible vén de anunciar o seu levantamento definitivo. Unha medida que supón un agravio comparativo coa nosa cidade que, diante do mesmo problema, recibiu un NON rotundo por parte de Óscar Puente.

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

ACORDOS:

1º.- Demandar do Goberno de España a transferencia a Galicia da titularidade da AP-9 nos termos previstos na proposición de Lei Orgánica aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia e a iniciar, con carácter inmediato, negociacións coa concesionaria da autoestrada AP-9 a fin de, a maior brevidade, liberar de peaxe o tramo Vigo-Porriño, para abordar de xeito urxente a seguridade da A-55, por ser a solución máis rápida, inmediata e economicamente máis viable ao problema da sinistralidade nesta vía.

2º.- Demandar do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que, con carácter urxente, propoña novas alternativas ao trazado proposto da Autovía das Rias Baixas pola grave afección que provoca no territorio afectado, nomeadamente a parroquia viguesa de Bembrive, a efectos de buscar unha solución definitiva e a longo prazo.

3º.- Esixir do Goberno de España a inmediata apertura dun período de interlocución, institucional e técnica con todos os concellos afectados para definir a actuación de modo que sexa respectuosa co territorio, socialmente viable e supoña unha infraestrutura axeitada e segura para a mobilidade da zona."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de febreiro de 2025, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4837/1101.

Así mesmo, mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de febreiro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4832/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A Sra. Sánchez Méndez, concelleira do grupo municipal do Partido Popular e poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polo grupo municipal Socialista e polo grupo municipal do BNG.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezaoito (18) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 18.02.2025 (Rex. Nº 4825/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Sobre o levantamento da peaxe da AP-9 entre Vigo e o Porriño e o proxecto alternativo á A-52", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 10:29 h., auséntase da sesión plenaria o Alcalde-Presidente Sr. Caballero Álvarez, así como o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, pasando a presidir a sesión a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

8.(23). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á CREACIÓN DE ESCOLAS INFANTÍS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA. EXPTE. 4826/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2025, número 4826/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A idea da educación infantil como un dereito queda recollida no artigo 11 de *El Pilar Europeo de Derechos Humanos* , aprobado en 2017, onde se afirma que os nenos e nenas teñen dereito a gozar dunha educación e asistencia infantil alcanzables e de boa calidade.

Do mesmo xeito, a *Axenda de desenvolvemento sostible 2030* da ONU, subscrita por 193 países, establece no obxectivo 4: " Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos ".

Así a meta 4.2. recolle que de aquí a 2030, deberase asegurar que todas as nenas e todos os nenos teñan acceso a servizos de atención e desenvolvemento na primeira infancia e educación preescolar de calidade, a fin de que estean preparados para o ensino primario.

A Educación Infantil en España evolucionou de forma notable desde os anos 70. Neste proceso pasouse dun enfoque fundamentalmente asistencial a un educativo, aumentando os requisitos das instalacións, mellorando a formación das e dos profesionais que atenden aos nenos e nenas, implementando novos obxectivos da etapa, redefinindo as ferramentas metodolóxicas, e sobre todo, ampliando a oferta.

Pero, este pasado mes de decembro, atopámonos coa noticia de que Galicia renunciou a 22,3 millóns de euros de fondos europeos distribuídos polo Estado para a creación de novas prazas públicas de escolas infantís de 0 a 3 anos.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Esixirlle á Xunta de Galicia a creación de novas escolas infantís de titularidade autonómica en Vigo que den resposta a demanda de prazas necesarias na nosa cidade.
- Esixirlle á Xunta de Galicia a bonificación real do 100% da atención educativa nas escolas infantís municipais viguesas.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de febreiro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engadada cuxo texto consta no expediente electrónico número 4833/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A Concelleira poñente da moción, Sra. Alonso Suárez, non acepta a emenda de engadada.

VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros presentes (16) do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros (3) do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igreas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijon, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.02.2025 (Rex. Nº 4826/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, “Instando á Xunta de Galicia á creación de escolas infantís de titularidade autonómica”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 10:50 h., incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

9.(24). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á CUBRICIÓN DE PRAZAS DE PROFESIONAIS NUTRICIONISTAS EN ATENCIÓN PRIMARIA. EXPTE. 4827/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2025, número 4827/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A alimentación é un dos piares básicos para a nosa supervivencia, e un dos aspectos máis relevantes no mantemento da nosa saúde.

Pero a alimentación tamén forma parte da nosa cultura, e ten outros impactos.

Para algunhas persoas, comer é un pracer, para outras case un castigo, pero tamén hai xente que a forma para comer non se axusta ás súas necesidades. É polo que son necesarias as figuras dos nutricionistas ou dietistas.

Algunhas veces confundimos a nutricionistas e dietistas, e non son profesionais idénticos nin fan as mesmas cousas.

No caso dos/as nutricionistas, estamos a falar de profesionais que se formaron en Nutrición e Dietética a nivel universitario ou ben se especializaron dentro da medicina en nutrición, e son especialistas en pautas alimentarias focalizadas nas necesidades dos pacientes.

Dito doutra forma, os nutricionistas son imprescindibles para aquelas persoas que padecen algún tipo de enfermidade.

E sen querer entrar nunha explicación máis ampla, o dietista é un profesional que se encarga do acto para comer, pero cunha formación máis limitada.

Pero quixen facer esta pequena descrición porque aínda que poden cumprir funcións parecidas nalgúns casos, só una das ramas considérase que é parte do Sistema Nacional de Saúde.

Estamos a falar do nutricionista, cuxa formación é mais especializada e permítelle facer fronte ao asesoramento e intervención en casos de patoloxía.

E son especialistas cada vez mais necesarios, ben por problemas de obesidade, ben por poboación máis envellecida e moitas máis circunstancias e enfermidades que se dan actualmente.

A Xunta de Galicia tiña un plan inicial para dotar de nutricionistas aos centros de saúde de Galicia, que comezou en decembro do ano 2022, e recentemente chegou ao seu fin.

Vigo contaba con dezaseis profesionais nutricionistas que traballaron na atención primaria de Vigo, con todo agora que finaliza este plan Vigo queda con nove nutricionistas.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a cubrir inmediatamente as prazas de 16 profesionais nutricionistas que estaban a traballar en atención primaria en Vigo desde o ano 2022 ata hai uns días
- Instar a Xunta de Galicia, o compromiso de dotar a Vigo das prazas de nutricionistas necesarias para dar respostas ás necesidades da atención primaria en Vigo, ao non ser suficientes os 16 profesionais que actualmente viñan realizando a suas funcións en atención primaria."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de febreiro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engádegas cuxo texto consta no expediente electrónico número 4834/1101.

DELIBERACIÓN: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A Concelleira poñente da moción, Sra. Espinosa Mangana, non acepta a emenda de engádegas.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igreas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.02.2025 (Rex. Nº 4826/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "Instando á Xunta de Galicia á cubricción de prazas de profesionais nutricionistas en atención primaria", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 11:11 h., auséntase da sesión plenaria a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

10.(25). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á REVISIÓN DOS PROTOCOLOS DE SEGURIDADE NA SANIDADE PÚBLICA E OUTROS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4829/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2025, número 4829/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"No mes de maio do ano pasado, os profesionais da Área Sanitaria de Vigo, denunciaban publicamente o aumento das agresións que sufrían os sanitarios. E vinculaban o aumento das agresións tras a pandemia á deficiente Atención Primaria e pedían medios de protección para evitar este tipo de situacións.

Non era a primeira vez que os sanitarios tiñan que manifestarse por este motivo. E agora de novo teñen que saír a contarnos qué lles está pasando. Porque se atopan con que estas agresións son cada vez máis frecuentes e afectan non só á atención primaria, senón aos servizos de urxencias e á atención hospitalaria.

Pero este incremento que detectan, na maioría dos casos, se orixina pola demora na atención ou por falta de camas.

Transmiten tamén, os profesionais da sanidade, que non está nas súas mans o solucionar esta situación. E piden que se lles axude a que poidan realizar o seu traballo nun ambiente normal.

No último ano, o SERGAS, rexistrou medio centenar de causas penais por ataques a profesionais. E segundo os datos da Organización Médica Colexial e do Consello Xeral de Enfermería, a cifra de agresións vai en aumento.

O persoal sanitario de atención primaria fala de saturación e colapso, de que traballan ao límite e a Xunta de Galicia debe facer un esforzo para que se lle free esta escalada de agresións. Tamén o reclama o persoal hospitalario en especial o de urxencias, ao mesmo tempo que reclaman máis protección.

É certo que a forma de cortar a devandita escalada de maneira radical é a desaparición das longas listas de espera, listas de espera que levan á desesperación dos enfermos e os seus familiares, á frustración, á incerteza.

Pero tamén son necesarias actuacións preventivas e de amparo para o persoal sanitario.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia para que no prazo de 30 días revise os protocolos de seguridade tanto en atención primaria como en atención hospitalaria, con especial atención neste caso ao servizo de urxencias, para que o persoal poida realizar o seu labor sen que se exerza violencia física nin verbal sobre eles. E que ditos protocolos señan consensuados cos representantes do personal sanitario.
- Instar a Xunta de Galicia a incrementar no prazo de seis meses os efectivos de persoal principalmente nos servizos de urxencias, primaria e hospitalaria, para evitar demoras na atención e desta forma diminuír as agresións ao persoal sanitario.
- Instar a Xunta de Galicia a incrementar neste ano os camas na área sanitaria de Vigo, para que non se produzan colapsos nas urxencias, e de esta forma evitar tamén potenciais agresións os profesionais sanitarios."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde

Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igreas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijon, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.02.2025 (Rex. Nº 4829/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "Instando á Xunta de Galicia á revisión dos protocolos de Seguridade na Sanidade Pública e outros complementarios", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 11:30 h., incorpórase á sesión plenaria o Sr. Estévez Rodríguez, concelleiro do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

11.(26). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á ADOPCIÓN DE DIVERSAS MEDIDAS RELACIONADAS COS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS. EXPTE. 4830/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2025, número 4830/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Vigo, a cidade máis importante do norte do noso país, é recoñecida polo seu valioso patrimonio natural e medioambiental. Non obstante, nos últimos anos, temos observado un neglixencia significativa por parte de Xunta en certos recursos medioambientais que forman parte esencial da nosa identidade e benestar como cidadáns, dos cales vemos reclamando a implicación por parte desa administración. A preservación, conservación, mellora e posta en valor do noso entorno natural non se pode deixar de lado e se debe avanzar o antes posible na implantación de actuacións tanto estruturais coma non estruturais para acadar obxectivos concretos. Unha responsabilidade compartida que implica a cooperación entre administracións e a sociedade en xeral.

O Concello de Vigo leva desenvolvendo diversas iniciativas para protexer e mellorar os nosos espazos naturais. Entre estas iniciativas, destacamos os esforzos na conservación das áreas verdes urbanas, a mellora da calidade das augas e a promoción de prácticas sostibles. Con todo, resulta evidente que é necesaria unha maior implicación e colaboración por parte da Xunta de Galicia para asegurar a sustentabilidade e o respecto polo medio ambiente na nosa cidade.

A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias medioambientais, ten a responsabilidade de xestionar e conservar o patrimonio natural, garantir a calidade das augas, promover a biodiversidade e fomentar o desenvolvemento sostible. Estas competencias inclúen a planificación e execución de proxectos de restauración de ecosistemas, a regulación das actividades que impactan no medio ambiente e a promoción da educación ambiental. Ademais, a Xunta dispón de recursos económicos

e humanos que poden ser destinados á conservación e mellora dos recursos medioambientais non so de Vigo se non de toda a nosa contorna. E curioso que estes recursos económicos inxentes se vexan dedicados a iniciativas mais orientadas a intereses partidistas coa practica oscurantil a que nos ten acostumados a Xunta de Galicia en lugar de facer unha política responsable que integre os dereitos de tódolos cidadáns entre os que estamos tamén as viguesas e vigueses.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Exixir á Xunta de Galicia que aumente de inmediato a súa implicación na conservación, mellora e posta en valor dos recursos medio ambientais da cidade de Vigo, destinando sen demora cunha modificación orzamentaria inmediata os recursos económicos e humanos necesarios. Solicitamos unha inversión mínima de tres millóns de euros para as instalacións do parque medio ambiental de Vigo, Vigonature.
- Reclamar proxectos específicos que promovan urxentemente a conservación da biodiversidade, a restauración de ecosistemas deteriorados e a promoción de prácticas sostibles en Vigo. Estes proxectos deben cubrir a restauración dos bosques periurbanos cunha inversión comprometida de dous millóns de euros no primeiro ano seguida das partidas necesarias para a súa conservación.
- Demandar a planificación e execución de programas medio ambientais, co obxectivo de protexer e mellorar os espazos naturais e garantir un entorno saudable para as xeracións presentes e futuras.
- Implicar activamente á cidadanía na protección e coidado do medio ambiente, mediante campañas de concienciación e educación ambiental continuas e efectivas.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de febreiro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4835/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A Concelleira poñente da moción, Sra. Rodríguez Rodríguez, non acepta a emenda de substitución.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e oito (8) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijon, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.02.2025 (Rex. Nº 4830/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, "Instando á Xunta de Galicia á adopción de diversas medidas relacionadas cos recursos medioambientais", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

RESOLUCIÓNS.

12.(27). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 21/01/25 E O 16/02/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1829/1102 (EXPTE. PLENO 4822/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/01/25 e o 16/02/25, incluídas no expediente 1829/1102 (Expte. Pleno 4822/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

13.(28). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 21/01/25 E O 16/02/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1830/1102 (EXPTE. PLENO 4823/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre 21/01/25 e o 16/02/25, incluídas no expediente 1830/1102 (Expte. Pleno 4823/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

14. FORMULACIÓN DE ROGOS.

14.1.(29). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que o Goberno municipal adopte as medidas urxentes necesarias para que non se repita o que está a acontecer nas últimas semana nas instalacións deportivas de Samil, nas que as persoas usuarias e clubs deportivos que alí adestran non poden acceder as mesmas ao atopalas pechadas sen previo aviso por non contar con persoal suficiente para a súa apertura, e con carácter xeral que se mellore a atención e mantemento das instalacións deportivas municipais».

14.2.(30). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que, coincidindo neste 2025 co décimo aniversario do pasamento do poeta Carlos Oroza, o concello de Vigo lle renda homenaxe instalando unha estatua na cidade para lembrar a súa figura.»

15. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

15.1.(31). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «¿Diante da caducidade da concesión municipal do servizo de autobús urbano o vindeiro 7 de xuño, e tras o recoñecemento por parte do alcalde de que se vai acometer unha nova prórroga pero sen indicar a súa motivación, condicións e duración, cando se van dar a coñecer os resultados do estudo encargado polo Concello para a mellora do servizo que incluía unha nova modelización da rede de transporte?»

15.2.(32). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña. «¿Cal é o motivo polo que agora que se cumpren anos do pasamento de Ceferino de Blas, o alcalde da cidade aínda non teña un novo cronista oficial de Vigo?»

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario febreiro 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 24 de Febrero de 2025 09:09:24
Fecha Fin : Lunes, 24 de Febrero de 2025 11:55:06
Duración : 02:45:42

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3538

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.2 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/9EanCRV9Rs47hDvd2IFZtioIdFfAvzPSEZGmkcTdYYEnfC9Y.wmv>
SHA512 - d5aea123ed734a7b0040c56ed999cc2bc3424bef12de971da8e85c5dfb4947a0ed0a76be7450aa6e821d95f6e54c793e5c27948e274cfec5a636b81b8108cd0

- Media (PROXYS)

(no disponible)

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María;

Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

- 00:00:24 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:55 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 27 de xaneiro de 2025.
- 00:01:48 : 2. Formalización ante o Pleno do Nomeamento da Valedora do Cidadán. Expte. 3895/321 (Expte. Pleno 4819/1101)
- 00:01:59 - Oradora invitada
- 00:03:01 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:11 : 3. Declaración Institucional do Pleno do Concello de Vigo polo día Mundial das Enfermidades Raras e Crónicas 2025. Expte. Pleno 4800/1101.
- 00:03:28 : 4. Proposta designación conselleiros/as do sector social no Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV). Expte. 98642/332 (Expte. Pleno 4807/1101).
- 00:04:04 : 5. Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo e do seu organismo autónomo administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2024; dación de conta. Expte. 299/143 (Expte. Pleno 4818/1101).
- 00:04:29 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:09:34 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:09:41 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:14:40 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:14:47 - García González, Patricia
- 00:19:58 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:20:08 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:23:09 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:23:24 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-
- 00:24:40 : 6. Moción do grupo municipal do BNG para solicitar da Xunta de Galiza a posta en marcha dunha valedoría da igualdade e reclamar un maior esforzo do Concello de Vigo en prol da igualdade. Expte. 4824/1101.
- 00:24:58 - Martínez Piñeiro, Ana
- 00:29:59 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:30:06 - García González, Patricia
- 00:35:11 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:35:24 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:40:45 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:40:50 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:40:58 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:41:09 - Martínez Piñeiro, Ana
- 00:44:22 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:45:55 - Votación [9:55:18]
- 00:46:29 : 7. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o levantamento da peaxe da AP-9 entre Vigo e o Porriño e o proxecto alternativo á A-52. Expte. 4825/1101.
- 00:46:47 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:51:24 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:51:34 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:56:37 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:56:43 - López Font, Carlos
- 01:01:45 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:01:54 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 01:04:24 - Caballero Álvarez, Abel

01:18:57 - Votación [10:28:18]

01:19:47 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á creación de escolas infantís de titularidade autonómica. Expte. 4826/1101.

01:20:03 - Alonso Suarez, María Olga

01:25:11 - Silva Rego, Carmen

01:25:23 - Abalde Comesaña, Filipe

01:30:21 - Silva Rego, Carmen

01:30:28 - Gonzalez Abeijón, Fernando

01:35:34 - Silva Rego, Carmen

01:35:42 - Alonso Suarez, María Olga

01:36:54 - Silva Rego, Carmen

01:37:21 - Alonso Suarez, María Olga

01:37:25 - Silva Rego, Carmen

01:38:35 - Alonso Suarez, María Olga

01:40:37 - Silva Rego, Carmen

01:40:49 - Votación [10:50:10]

01:41:26 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á cubrición de prazas de profesionais nutricionistas en atención primaria. Expte. 4827/1101.

01:41:39 - Espinosa Mangana, Elena

01:46:37 - Silva Rego, Carmen

01:46:45 - Pérez Iglesias, Xabier

01:51:48 - Silva Rego, Carmen

01:51:54 - Martín Peña, José Miguel

01:56:44 - Silva Rego, Carmen

01:56:51 - Espinosa Mangana, Elena

01:59:53 - Silva Rego, Carmen

02:00:03 - Votación [11:09:24]

02:00:30 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á revisión dos protocolos de seguridade na Sanidade Pública e outros complementarios. Expte. 4829/1101.

02:01:25 - Espinosa Mangana, Elena

02:06:17 - Silva Rego, Carmen

02:06:23 - Pérez Iglesias, Xabier

02:11:30 - Silva Rego, Carmen

02:11:34 - Martín Peña, José Miguel

02:16:38 - Silva Rego, Carmen

02:16:50 - Espinosa Mangana, Elena

02:19:52 - Silva Rego, Carmen

02:20:06 - Votación [11:29:28]

02:20:31 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á adopción de diversas medidas relacionadas cos recursos medioambientais. Expte. 4830/1101.

02:20:47 - Rodríguez Rodríguez, Nuria

02:25:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

02:25:57 - Pérez Iglesias, Xabier

02:31:00 - Silva Rego, Carmen

02:31:08 - Benavides Alonso, Daniel

02:36:13 - Silva Rego, Carmen

02:36:27 - Rodríguez Rodríguez, Nuria

02:39:31 - Silva Rego, Carmen

02:42:20 - Votación [11:51:42]

02:42:49 : 12. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/01/25 e o 16/02/25, incluídas no expediente 1829/1102 (Expte. Pleno 4822/1101)

02:43:12 : 13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 21/01/25 e o 16/02/25,

incluídas no expediente 1830/1102 (Expte. Pleno 4823/1101).

02:43:35 : 14. Formulación de rogos.

02:43:50 - Abalde Comesaña, Filipe

02:44:19 - Martín Peña, José Miguel

02:44:32 - Silva Rego, Carmen

02:44:36 : 15. Formulación de preguntas.

02:44:41 - Martínez Piñeiro, Ana

02:45:05 - Silva Rego, Carmen

02:45:12 - Martín Peña, José Miguel

02:45:24 - Silva Rego, Carmen

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e cincuenta e cinco minutos (11:55) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 2/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
M^a del Carmen Silva Rego
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes